



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR E MADRUGADORES- CURSO 2021/22

• **INICIO: venres, 10 de setembro.**

• Para a prestación do servizo manteranse as **dúas quendas** establecidas no curso anterior: o alumnado de **1º, 2º e 3º de primaria** serán os primeiros en saír da aula e **comerán ás 14 h.** A saída do comedor e por tanto, a hora de **recollida** será as **14, 45 h.**

As persoas que teñen menores nestes cursos e que por motivos de conciliación laboral necesiten recollelos ás 15,45 h. deberán solicitalo a través da sede electrónica do concello, aportando os xustificantes correspondentes emitidos polas empresas onde desenvolvan a súa actividade laboral.

Durante este intervalo de tempo, o alumnado permanecerán nun dos espazos habilitados no centro escolar a tal efecto, acompañados por monitores e monitoras que organizarán actividades lúdicas adaptadas.

• Entre as 14,45 h. e as 15,00 h. procederase á ventilación e desinfección do espazo do comedor.

• O alumnado de **4º, 5º e 6º de primaria** comerá na segunda quenda: ás **15 h.** e a hora de **saída** será ás **15,45 h.** Mentres non acceden ao comedor, permanecerán noutro dos espazos do centro, acompañados polo antedito monitorado.

• No caso de **dous ou máis irmáns que acudan ao comedor en diferentes quendas**, facilitarase a saída de ambos ás 15,45 h.

• As persoas que teñan **menores inscritos nas actividades extraescolares** que se desenvolven no centro, **poderán solicitar a permanencia no centro ata ás 16,00h., hora de inicio das actividades.**

• O **servizo** que se presta no aulario (**infantil**) non sufrirá variacións, xa que o espazo dispoñible para o comedor é suficiente para manter unha única quenda de comidas.

• O **servizo de madrugadores** tamén funcionará cos horarios habituais.

Agradecemos de antemán a vosa colaboración para o bó funcionamento do servizo e lembrámosvos a importancia da puntualidade na recollida dos nenos e nenas.

*Para calquera aclaración, podeades contactar con servizos sociais chamando ao **981770707** ou no enderezo electrónico **servizos.sociais@betanzos.gal**.*